



A coeducación no sistema educativo español: reflexións e propostas

*The coeducation in the educative system Spanish:
reflections and proposals*

M^a José Méndez Lois
Milena Villar Varela
Aixa Permuy Martínez

Recibido: 01/03/2017

Aceptado: 13/06/2017

RESUMO

O presente traballo busca recoller unha serie de estratexias e propostas que permitan abordar a coeducación dende os centros educativos. O artigo describe brevemente a situación do colectivo feminino na actualidade nos ámbitos político, laboral e social primordialmente. Ademais, establece a importancia da coeducación de cara ao desenvolvemento integral das persoas, así como a relevancia outorgada á mesma dende a lexislación tanto estatal como autonómica. A pesares de que non existen “receitas máxicas” de cara á consecución dunha sociedade igualitaria, este documento pretende constituírse como unha referencia que recolla aquelas propostas, experiencias e accións máis relevantes no campo da coeducación.

Palabras chave: coeducación, escola, igualdade de oportunidades, infancia, sistema educativo.

M^a. José Méndez Lois. Profesora contratada doutora do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Universidade de Santiago de Compostela. Correo electrónico: mjose.mendez@usc.es. ID: <https://orcid.org/0000-0001-6250-6099>

Milena Villar Varela. Diplomata en Maxisterio e licenciada en Psicopedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela. Correo electrónico: fabutastica@hotmail.com

Aixa Permuy Martínez. Investigadora do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. Correo electrónico: aixa.pm@gmail.com

Cómo citar este artículo: Méndez Lois, M^a. J.; Villar Varela, M.; Permuy Martínez, A. (2017). A coeducación no sistema educativo español: reflexións e propostas. *Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas*, 2 (1), 192-215. doi: <http://dx.doi.org/10.17979/arief.2017.2.1.2011>

ABSTRACT

The present work looks for to collect a series of strategies and proposals that allow approaching coeducation from the educative centres. The article briefly describes the situation of the feminine community in the actuality in the political, labour and social spheres. Besides, it establishes the importance of the coeducation for the integral development of the people, as well as the importance awarded to it from the so much state legislation how autonomic. Although there are no magic recipes to achieve an egalitarian society, this document aims to constitute a reference that includes those proposals, experiences and actions more relevant in the field of the coeducation.

Keywords: coeducation, school, equal opportunities, childhood, educative system.

1. INTRODUCCIÓN

A pesares de que nos últimos anos se lograron certas melloras a prol da igualdade, estas son insuficientes. É certo que se produciu un incremento na participación da muller na vida política, social e laboral, e que a lexislación en materia de igualdade intentou actuar a favor da mesma, pero a pesares destas políticas tan importantes, aínda quedan moitos aspectos que traballar e polos que loitar, xa que a muller segue a ser considerada o segundo sexo, tal e como expresa Simone de Beauvoir (1977), en numerosos ámbitos.

Así, no contexto laboral, a pesares de que o colectivo feminino foi gañando terreo e consolidando a súa participación en termos de actividade e emprego, aínda quedan demasiadas desigualdades existentes. Unha delas é a da brecha salarial. Segundo o estudo sobre a situación das mulleres realizado polo Ministerio de Emprego, no ano 2016, a diferenza salarial entre sexos elévase ata o 24%, sendo máis marcada no ámbito privado. Baixo ningunha circunstancia é defendible o feito de que ambos sexos realicen a mesma labor e teñan un soldo diferente. Pero non só iso, a pesar de que as taxas de emprego para as mulleres sempre son menores que as dos homes, o colectivo feminino segue concentrando as súas labores profesionais naqueles ámbitos que o patriarcado lles encomendou: no terreo dos coidados, da saúde, da educación, etc., aínda que pouco a pouco se van diversificando. Por outra parte é de sinalar o impacto da maternidade sobre o emprego; unha considerable porcentaxe de mulleres deciden abandonar a súa carreira profesional para dedicarse en corpo e alma ao coidado da súa descendencia, ou ben optar por un emprego a tempo parcial, mentres que paralelamente a isto, no caso dos homes, o feito de ser pais trae consigo unha maior taxa de ocupación. Ademais, a pesares de que os datos evidencian que as taxas de matriculación universitarias son paritarias para ambos sexos, que o colectivo feminino obtén mellores cualificacións e que posúe titulacións de maior rango académico, isto non se reflicte no acceso a postos de poder e este desequilibrio so se explica, tal e como expresan Cruz e Zecchi (2004), polo arraigo do patriarcado na sociedade.

A existencia deste modelo patriarcal é culpable tamén dos roles asociados ás

mulleres na sociedade e que, a pesares de evolución rexistrada, aínda seguen presentes. Así, a muller segue a representar o rol de coidadora e o de ama de casa, compaxinando ambos co rol de muller traballadora fóra do fogar, dando lugar á coñecida tripla xornada laboral feminina, en confrontación coa xornada laboral única dos varóns. O feito de incorporarse as mulleres ao ámbito público, que debe ser recoñecido e aplaudido pola sociedade, e a miúdo vivido por estas como unha carga pois provoca un aumento da xornada laboral das mulleres sen que isto se vexa compensado, en ningunha medida polo compromiso dos coetáneos varóns, con maiores niveis de conciliación e a corresponsabilidade. É dicir, a incorporación da muller ao mercado laboral non supuxo o abandono dos roles e tarefas tradicionalmente asignados a ela, senón que simplemente, ademais de ama de casa e de encargarse do coidado dos fillos/as, tamén traballa fóra do fogar. Aínda que se fala de novas masculinidades e novas xeracións de homes, segue estando presente na sociedade a concepción que se ten maioritariamente de que o home "*axude á muller nas cousas da casa*" (como se a casa e as fillas/os fosen so dela).

Por outra parte, a pesares de que a Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece unha serie de medidas para loitar pola igualdade, a sociedade non sempre as acata. Así, os medios de comunicación, obrigados por lei a velar por unha transmisión igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e reflectir a súa presenza nos diversos ámbitos da vida social, co emprego dunha linguaxe non sexista, promocionan en non poucas ocasións a imaxe dunha muller sexualizada e vinculada ao ámbito doméstico e da feminidade normativa.

Pero a situación social máis grave que está a experimentar o colectivo feminino é a relativa á violencia de xénero. Aínda que en España, a aprobación da Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, foi un elemento chave na visibilización dun feito social oculto trala secularmente inviolable barreira da convivencia doméstica, incrementando o sentimento social de intolerancia coa súa práctica, a realidade é que esta lacra social persiste con maior forza se cabe. Os centos de mulleres asasinadas por violencia de xénero nos últimos anos son proba disto.

Todas as situacións sociais, políticas e laborais relativos ao colectivo feminino expresadas son o resultado da socialización nunha cultura patriarcal que trae como consecuencia a adquisición de roles sexistas dende a máis tenra infancia, e absolutamente toda a sociedade é responsable deste feito e nomeadamente a escola como un dos seus principais axentes de socialización xunto coa familia.

Por todo isto, a coeducación supón unha ferramenta de grande necesidade na loita por unha sociedade máis igualitaria. Este modelo educativo pretende mellorar a situación actual da muller a través dun proceso socializador libre de estereotipos sexistas e dunha educación afectivo-sexual e emocional que garanta a desaparición dos roles de xénero e contribúan á adquisición dunha serie de valores establecendo modelos que a infancia poida facer seus.

2. CÓNCEPTO DE COEDUCACIÓN

A escola, como espazo de aprendizaxe e desenvolvemento, foi mudando e evolucionando co paso do tempo. Así, unha institución puramente segregadora e xerárquica foi avanzando ata converterse nun dos axentes socializadores por excelencia que loita por transformar a sociedade e as persoas que a conforman. Un dos colectivos afastados da escola nesa primeira etapa segregadora foi o colectivo feminino, por considerarse que as mulleres non precisaban unha educación fóra do fogar.

Pouco a pouco foron introducíndose no ámbito educativo, pero apartadas dos seus compañeiros masculinos, por pensar que ambos sexos debían aprender contidos diferentes. Así, mentres os nenos se preparaban para afrontarse á vida laboral, as nenas eran formadas na arte dos coidados.

Co paso do tempo, e de numerosas reivindicacións, as mulleres foron incluídas nos mesmos espazos de formación que os homes, na denominada escola mixta. Isto supuxo un gran avance pero non logrou a igualdade entre sexos. A pesares de que a escola mixta foi un paso moi importante para a consecución dunha escola igualitaria, o feito de compartir aula, recibir as mesmas ensinanzas, someterse a iguais esixencias e realizar avaliacións idénticas non foi suficiente. A escola mixta non asegurou a desaparición do sexismo a pesares de que se

ofertaba como unha institución neutral e igualitaria. Os estereotipos sexistas e as visións androcéntricas do mundo seguen presentes na sociedade, e en concreto na escola, debido á socialización diferenciada que nela acontece.

Para mudar esta situación xorde a coeducación, unha intervención educativa que traspasa as barreiras da escola mixta e cuxos fundamentos se asentán no recoñecemento das potencialidades e individualidades da infancia, sen ter en conta o seu sexo ou, como establece Tomé (2001, cit. en Fernández e González, 2015: 247), unha intervención escolar dirixida a producir cambios cara a unha maior igualdade entre homes e mulleres.

E a pesares de que o *Diccionario de la Lengua Española* (RAE, 2014) define o verbo coeducar como *Ensinar nunha mesma aula e cun mesmo sistema educativo a alumnos de un e outro sexo*, a realidade social do concepto vai moito máis alá tal como o recollen autoras/es como os que citamos deseguido referíndose á coeducación desde os seus diversos campos de estudo.

Así, Cruz Díaz (2004) di que a coeducación é un método de intervención que vai máis aló da educación mixta e cuxas bases aséntanse no recoñecemento das potencialidades e as individualidades de nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducación é, xa que logo, educar desde a igualdade de valores e para o rexeitamento a toda forma de discriminación.

Este novo modelo educativo defende que todas as persoas deben ser educadas por igual nun sistema de valores, de comportamentos, de normas e expectativas que non estea influído polo xénero social, tal e como explica Cremades (1991). A coeducación pretende combater a discriminación sexista a partir da educación e encamiñala cara ao logro da eliminación das barreiras que impiden a igualdade de oportunidades (Ballarín Domingo, 2001).

En palabras de Santos Guerra (2000), a coeducación é a intervención explícita e intencional da comunidade escolar para propiciar o desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas prestando especial atención á aceptación do propio sexo, o coñecemento do outro e a convivencia enriquecida de ambos.

Por outra banda, segundo o Seminario de Alicante (1987), a coeducación é entendida como un proceso intencionado de intervención a través do cal se potencia o desenvolvemento das nenas e dos nenos partindo dunha realidade de dous sexos diferentes cara a un desenvolvemento persoal e unha construción social comúns e non enfrontados.

Pola súa parte, Acuña Franco (1995), define a coeducación como unha práctica educativa mediante a que as actitudes e os valores tradicionais de homes e mulleres se aceptan e poden ser asumidos polas persoas independentemente do sexo co que nazan. Esta autora defende que a coeducación busca o desenvolvemento completo da personalidade sen a barreira do xénero, corrixindo o sexismo cultural e ideolóxico e a desigualdade social da muller. Non nega que hai valores que determinan socialmente o masculino e o feminino senón que trata de profundar neles para telos en conta, non para inculcalos; significa detectar todos os estereotipos asociados ao masculino e ao feminino, ser conscientes deles, reflexionalos e poñer en marcha as medidas necesarias para eliminalos da nosa linguaxe e do noso comportamento, potenciando aqueles aspectos que quedan anulados polo feito de asumir os roles tradicionais de xénero: a afectividade nos varóns ou o desenvolvemento profesional nas mulleres. A coeducación consiste en educar persoas indistintamente do sexo ou xénero ao que pertenzan. Non significa só integrar ás nenas e ás mulleres e darlles o seu lugar no mundo como persoas, senón que significa tamén educar aos nenos e darlles unha oportunidade para que sexan educados emocional e afectivamente (Redondo Ranchal, 2008). Polo tanto, este novo modelo educativo supón integrar o mundo e a experiencia das mulleres. Supón educar para a crítica, a convivencia, o compromiso, a creatividade, a xustiza, o respecto, é dicir, pretende contribuír a un desenvolvemento integral da persoa.

Pero a coeducación non se debe limitar a unha simple exposición de motivos, senón que debe dirixirse cara á acción. Como expresa Subirats (2017), a tarefa fundamental do traballo coeducador hoxe ten relación cos cambios nos modelos de xénero e, polo tanto, cos cambios nas transmisións de normas vinculadas aos xéneros que se fai na escola, e, en xeral, na sociedade, empezando pola familia e continuando polos medios de comunicación. Coeducar é algo máis que introducir novos contidos ou determinadas actividades. Supón unha

reformulación da totalidade dos elementos implicados no proceso ensino-aprendizaxe.

Coeducar é, en palabras de Blanco García (2007), educar a cada unha e a cada un segundo quen é, atendendo á súa diferenza. Ao falar de coeducar a referencia son tanto as nenas como os nenos, aínda que de diferente xeito. O horizonte da liberdade non pode estar limitado; xa que logo, coeducar para as nenas non pode significar tomar como referente válido o que xa tiñan os nenos, do mesmo xeito que é necesario repensar o que eles xa tiñan asignado. Coeducar é educar fora do modelo dominante, reflexionar sobre o que significa ser muller e ser home, educar para a liberdade persoal.

Finalmente, tal e como afirman Sánchez e Rizos (1992), a coeducación supón e esixe unha intervención explícita e intencionada que debe partir da revisión das pautas sexistas da sociedade e das institucións nas que se desenvolve a vida dos individuos, especialmente das institucións vinculadas á tarefa da educación, xa que desde estas é desde onde se constrúen e se transmiten os estereotipos do masculino e do feminino. A coeducación esixe unha igualdade real de oportunidades académicas, profesionais e en xeral, sociais de maneira que ninguén, por razóns de sexo, parta dunha situación de desvantaxe ou teña máis dificultades para acadar os mesmos obxectivos.

Na actualidade, a coeducación comeza a ser unha liña de acción nalgúns centros escolares. A escola é a institución por excelencia en canto á transmisión de valores e comportamentos para os nenos e para as nenas, por iso é polo que debe ser -xunto coa familia-, a primeira que debe dar exemplo de cara a lograr unha sociedade non sexista.

Educar para que os nenos e as nenas se sintan ben sendo o que queren ser, utilizar unha linguaxe que represente a ambos sexos, ampliar as oportunidades educativas e formativas de todas as persoas, compartir o que homes e mulleres son e aportan ao conxunto da humanidade, e dar o mesmo valor ao feito de ser home ou ser muller, educar a homes e mulleres completos proporcionándolles saberes que lles axuden a entender este mundo, dándolles a oportunidade de coñecer e traballar sobre as súas emocións e sentimentos, estimulando que

teñan en conta que necesitan e son necesarios para as persoas coas que conviven (Cerviño, 2007).

Pero a coeducación non debe ser considerada como unha materia do currículo exclusivamente, como se pretende aplicar dende diversas institucións, senón que debe ser un xeito de traballar o currículo, unha nova forma de percibir a educación, un novo modo de percibir a escola e todo o que nela acontece. Debe impregnalo absolutamente todo, dende o visible ata o invisible (oculto) e o omitido, dende a aula ata o patio da escola, dende o alumnado ata o profesorado, e só dese xeito, as persoas que nela se desenvolven e aprenden adquirirán unha serie de valores que lles posibilitarán comprender a participación de homes e mulleres na sociedade, aprendendo así a valorar a toda a humanidade pola calidade persoal e profesional e non por pertencer a un ou outro sexo.

3. MARCO XURÍDICO

Non foi ata o século XVIII cando as mulleres comezaron a gozar dunha educación formal. O primeiro paso cara á igualdade entre homes e mulleres en España tivo lugar coa aprobación da Constitución do 1978, que puxo fin á ditadura franquista, e rematou coa desigualdade xurídica entre homes e mulleres. A pesares de que na década dos 80, do século XX, poden atoparse os primeiros traballos sobre coeducación, non será ata finais dos anos 90, e sobre todo a partir do ano 2000, cando empecen a desenvolverse iniciativas coeducativas que loiten pola igualdade de sexos por parte dos organismos educativos e de igualdade, tanto nacionais como autonómicos (Grañeras et al., 2007, cit. en Torres Sanmiguel, 2010: 23). Isto é debido en parte a que en 1994 se produce a transferencia en materia de igualdade ás Comunidades Autónomas, o que deriva na creación de organismos autonómicos específicos para o desenvolvemento de políticas públicas de igualdade de mulleres e homes e un maior desenvolvemento das propostas coeducativas.

3.1 Nivel estatal

A nivel estatal é de sinalar en primeiro lugar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero que inclúe na súa regulación as medidas que é necesario desenvolver desde a educación. Esta lei establece, xa na súa exposición de motivos, que o obxectivo fundamental da educación é o de proporcionar unha formación integral que permita conformar a propia identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética da mesma. De feito, non seu Título I, Capítulo I, fai referencia ás medidas no ámbito educativo.

O texto describe como un dos fins do sistema educativo español a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres e, como un dos seus principios ou fundamentos, traballar para a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres. Do mesmo xeito, no artigo 4 do capítulo I, esta lei establece que a Educación Primaria contribuirá a desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica de conflitos e para comprender e respectar a igualdade entre sexos.

Grazas a esta lei a igualdade de xénero, intégrase en todos os niveis educativos e suscítanse medidas tales como a necesidade de que as Administracións educativas velen porque se erradiquen os estereotipos sexistas de todos os materiais educativos; a integración da igualdade na formación inicial e permanente do profesorado, entre outras moitas.

Por outra banda, é de destacar a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de Mulleres e Homes, a cal contén criterios orientadores das políticas públicas e, en particular, para as políticas educativas. Esta lei establece que o sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, así como os principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o

fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, aproba modificacións relacionadas coa coeducación respecto da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e afástase da loita pola igualdade que comezou a Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE). Moitas das súas modificacións supoñen un retroceso nalgúns dos máis importantes avances conseguidos polas reivindicacións feministas e pola loita pola igualdade de oportunidades a nivel educativo, establecendo un currículo aséptico de xénero (Contreras e Trujillo, 2014, cit. en Fernández e González, 2015: 255), propoñendo temas socorridos en relación ás mulleres pero sen levar a cabo os cambios persoais, íntimos e vitais que guíen cara a un verdadeiro enfoque de xénero.

É de resaltar o emprego de linguaxe sexista utilizada en toda a lei onde se pode visibilizar a ausencia de termos en feminino e a falta de perspectiva de xénero nun documento que persegue como un dos seus supostos fins a procura da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. É fundamental destacar o feito de que a actual Lei Orgánica de Educación xustifica e permite de novo a segregación nos centros e a separación do alumnado por razón de sexo. A aposta desta lei educativa pola coeducación e pola loita para conseguir o logro dunha igualdade real é practicamente nula, e remata con todo o acadado ata o de agora no ámbito educativo.

Para rematar, o Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades 2014-2016 (Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades, 2014), establece como obxectivos prioritarios a desenvolver os seguintes:

- Fomentar a realización de accións de sensibilización e formación na educación en igualdade, nas familias e nos centros educativos.
- Apoiar ás alumnas en situación de vulnerabilidade por múltiple discriminación.
- Traballar pola eliminación de estereotipos por sexo que poidan afectar á elección de estudos e profesións, docencia e dirección dos centros educativos.

A pesares de que se considera que a igualdade a nivel legal está acadada é importante apuntar que de ser así non sería precisa toda a lexislación en torno á mesma. Por outra parte, observar que para lograr a tan ansiada igualdade, a escola convértese na institución e no axente fundamental desde o que traballar e loitar sempre en colaboración coa familia.

3.2 Nivel autonómico

No contexto autonómico, tanto na comunidade galega como no resto de comunidades do territorio español aprobáronse nos últimos anos plans e leis específicas a favor da igualdade das mulleres e dos homes. Estas normas desenvolven a regulación estatal e concretan os esforzos en torno a unha intervención planificada e global no ámbito educativo.

Todas estas lexislacións autonómicas en materia de igualdade e coeducación comparten a importancia de traballar a prol da igualdade na escola. Entre os aspectos comúns a todas as lexislacións autonómicas do contexto español é de sinalar a idea de que todas as persoas somos iguais independentemente do sexo. Todo este marco lexislativo pretende adoptar unha serie de medidas para rematar cos estereotipos sexistas e as actitudes baseadas na desigualdade, e, en moitas delas, considerase a coeducación como elemento idóneo para a consecución da igualdade, como por exemplo en Andalucía, Aragón, Cataluña, Navarra, Galicia e País Vasco¹. Deféndese unha escola coeducativa que rexeite os contidos sexistas e que traballe desde a perspectiva de xénero. Así, as diversas leis dispoñen a necesidade de revisar todos os recursos educativos e materiais didácticos regulados e non regulados, para modificalos cun enfoque libre de sexismo. Ademais, moitas destas leis fomentan a posta en marcha de

1 Andalucía: Ley 12/2007, de 26 de noviembre, para la promoción de la igualdad de género en Andalucía; Ley 13/2007, de 26 de noviembre, de medidas de prevención y protección integral contra la violencia de género.

Aragón: Ley 4/2007, de 22 de marzo, de Prevención y Protección integral a las mujeres víctimas de la violencia en Aragón.

Cataluña: Ley 5/2008, de 24 de abril, del derecho de las mujeres a erradicar la violencia machista

Navarra: Ley Foral 22/2002, de 2 de julio, para la adopción de medidas integrales contra la violencia sexista; Ley Foral 33/2002, de 28 de noviembre, de fomento de la Igualdad de oportunidades entre Mujeres y Hombres; Ley Foral 12/2003, de 7 de marzo, de modificación de la Ley Foral 22/2002, de 2 de julio, para la adopción de medidas integrales contra la violencia sexista.

Galicia: Ley 7/2004, de 16 de julio, gallega para la Igualdad de Mujeres y Hombres; Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género.

País Vasco: Ley 4/2005, de 18 de febrero, para la Igualdad de Mujeres y Hombres.

asesoramento a centros e docentes en materia de igualdade, así como a ensinanza da educación afectivo-sexual (Aragón, Navarra) e plans para reflexionar sobre os modelos de masculinidade e feminidade.

Estas normas tamén regulan, tal e como sinala Torres Sanmiguel (2010), a aplicación práctica do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado; a representación equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes; o enriquecemento curricular coas contribucións ao coñecemento realizadas por mulleres; a adquisición de coñecementos e actitudes básicas para a igualdade; o fomento das vocacións femininas e masculinas naquelas áreas infrarrepresentadas por mulleres e homes, respectivamente, entre outros aspectos.

Ademais, algunhas destas comunidades, como por exemplo Andalucía e Navarra, elaboran, segundo o establecido na lei, un informe anual sobre a situación da coeducación nos centros educativos do territorio autonómico.

Para rematar, é importante facer mención ao compromiso adquirido en torno á coeducación polas institucións educativas dalgunhas comunidades autónomas a través da aprobación de plans de igualdade na educación. Aínda que, a lexislación mostra que algunhas comunidades autónomas están máis comprometidas coa igualdade e a coeducación que outras, en canto ao aspecto legal, todas contribúen en maior ou menor medida á súa implantación e desenvolvemento.

4. REFLEXIÓN E PROPOSTAS PARA A COEDUCACIÓN NA PRÁCTICA

A coeducación foise abrindo paso durante os últimos anos dentro do Sistema Educativo Español a partires de diversas experiencias que cuestionaron as propostas tradicionais dun modelo educativo que confundía a igualdade de acceso á educación coa educación para a igualdade de oportunidades. Xa a principios dos anos noventa do século XX, María José Urruzola (1991, p. 101) sinalaba que *“non se estaba producindo unha profunda análise da estrutura sexista da escola”* e isto, aínda que sexan moitas as persoas que o negan segue sendo o que

ocorre na actualidade, de maneira que se transvasou o modelo subxacente da escola segregada á escola mixta, logrando con isto a universalización do modelo educativo masculino co que isto supón de reforzamento da cultura patriarcal, ao ter adoptado unha aparencia igualitaria.

Ademais os centros educativos son un reflexo da sociedade na que vivimos e entre ambos establécese unha relación bilateral de causalidade. Polo tanto a evolución da coeducación na escola está directamente relacionada coa evolución da sociedade e viceversa.

Noutro orde de cousas tamén nos gustaría apuntar a outra idea que, desde o noso punto de vista, dificulta unha abordaxe en profundidade da coeducación nos centros educativos e non é outra que a consideración de que o estudo das problemáticas de xénero na escola é unha cuestión exclusiva das mulleres e isto é evidente que non é así pois o estudo coeducativo debe facer referencia á construción das identidades feminina e masculina e a súa interrelación (Martín Vico, 2007) e calquera renuncia neste eido sería unha abordaxe nesgada e simplista. Polo tanto, a labor coeducadora é unha función de mulleres e homes e afecta por igual aos dous sexos. Así mesmo, tamén se debe ter en conta, como afirma a autora anteriormente citada, que a discriminación entre mulleres e homes é un feito social e polo tanto, nos centros educativos, débese lograr a implicación de toda a comunidade educativa para traballar estas temáticas: alumnado, familias, profesorado, persoal docente e todos os colectivos que contribúan a crear unha escola de calidade, abordándoa de forma coordinada, cohesionada e construtiva.

No plano educativo ademais, como afirma Cabeza Leiva (2010, p. 41), xunto ao currículo oficial existe un currículo oculto que continúa transmitindo actitudes e estereotipos sexistas de forma consciente ou inconsciente, e estas actitudes están presentes no día a día da realidade educativa. Neste senso, o papel do profesorado, xunto co das familias, é fundamental para lograr unha educación baseada en valores igualitarios e libres de estereotipos e comportamentos sexistas. A finalidade última é transmitir valores, normas e actitudes que favorezan os comportamentos de respecto aos demais, o respecto á igualdade e a dignidade das mulleres e a convivencia, sen que teñan cabida as actitudes

agresivas, estereotipadas nin a violencia.

A coeducación é pois o camiño para un desenvolvemento das competencias básicas cunha ética que permita que ese desenvolvemento poida ser igualitario, intercultural, ecolóxico, solidario e pacífico, como apunta Muñoz Luque (2011), dado que é unha filosofía de vida primixenia, é dicir, xeradora e integradora de todas as demais opcións éticas porque é liberadora dunha opresión primixenia ou de orixe, que afecta ao ser humano polo simple feito de nacer muller e que non só é liberadora das mulleres senón tamén dos homes e da vida, xa que supón o cambio do paradigma do poder de dominio-sumisión e da súa lóxica relacional excluínste do “*poder sobre*”, por un “*poder para*” conseguir un mundo o mellor posible no que o poder sexa equitativo, equivalente, coidador e non destrutivo de nada nin de ninguén.

Agora ben, cal é a mellor maneira de abordar a coeducación desde un centro educativo?

Na guía de coeducación, editada en 2008 polo Instituto da Muller, apúntase que para levar a coeducación á práctica nos centros o mellor será o emprego dunha estratexia dual na que se combinen de forma paralela accións concretas (materias específicas no currículo ou accións puntuais) e transversais (accións que permean todas as materias e espazos do currículo) que contribúan a avanzar no modelo coeducativo.

As vantaxes desta estratexia dual son que garantiza a integralidade das actuacións en todas as áreas, actividades, tempos e espazos e, ao mesmo tempo, permite reforzar os resultados mediante accións concretas. Aínda así, para poñer en marcha esta estratexia dual (Instituto de la Mujer, 2008:18) hai que ter en conta os seguintes requisitos:

- Existencia dun Proxecto de Centro no que a coeducación estea planificada, coordinada e tendo en conta os recursos dispoñibles para optar pola vía máis axeitada para o seu desenvolvemento.
- A implicación de toda a comunidade educativa do centro.

- A necesidade de coñecemento e competencia na materia polo que a súa abordaxe non se pode realizar sen unha formación progresiva e específica do profesorado e as persoas responsables da educación das xeracións máis novas.

Cabeza Leiva (2010, p. 42) apunta, neste mesmo senso, que nos centros educativos e dentro da súa estrutura organizativa, se debe implicar:

- En primeiro lugar a todo o profesorado que debe ser consciente das diferenzas de xénero existentes na vida familiar, escolar, nos medios de comunicación, na vida laboral, etc. polo que debe estar formado nesta materia.
- En segundo lugar a todos os Departamentos Didácticos, coa finalidade de que cada profesor e profesora, desde a súa materia contribúa a traballar os principios da coeducación.
- E en terceiro lugar ao Departamento de Orientación do Centro, xa que a través das titorías se pode chegar á totalidade do alumnado. Cabe destacar a importancia de que o Departamento de Orientación recolla un banco de actividades, boas prácticas, en materia de coeducación que queden a disposición da comunidade educativa e da que poidan extraer ideas, recursos, metodoloxías, etc. as titoras e titores sobre todo o profesorado novel. É importante, así mesmo, que o persoal deste departamento colabore co profesorado, en especial co que desenvolve as titorías nos seus propios procesos de autorreflexión sobre as súas prácticas docentes na aula desde unha análise de xénero tanto en contidos e actividades como en metodoloxía e pautas de actuación.

En relación ao desenvolvemento dos obxectivos coeducativos nos centros educativos coincidimos con Suberviola Ovejás (2012) cando afirma que se debe implicar á totalidade dos membros da comunidade educativa na creación dun Proxecto de Centro Coeducativo que se concrete nun programa pedagóxico que contemple aspectos como os sete seguintes:

1. Evitar aquelas actividades, propostas ou expresións que permitan ou favorezan a discriminación sexista,
2. Proporcionar o desenvolvemento persoal, equilibrado e cooperativo de toda a comunidade educativa sen outorgar funcións ou privilexios guiados por estereotipos sexistas,
3. Previr formas sexistas da linguaxe xa que isto supón unha exclusión sistemática da metade da poboación,
4. Coñecer e analizar as interaccións que se producen na aula, evitando deixarse levar por prexuízos que etiquetan as mulleres e aos homes con diferentes actitudes e comportamentos,
5. Visibilizar as importantes contribucións que as mulleres tiveron na historia e na sociedade,
6. Analizar, revisar e seleccionar aqueles materiais didácticos que contribúan á eliminación de estereotipos de xénero, evitando os que presenten nesgos sexistas, que mostren determinados arquetipos ou, que non ofrezan unha imaxe realista das múltiples e variadas actividades realizadas por ambos sexos,
7. Concienciarse e previr a transmisión de mensaxes presentes no currículo oculto, eliminando aqueles que impidan ou sexan contrarios a un desenvolvemento igualitario.

Así mesmo, atopámonos coa opinión de Martín Vico (2007) que propón as seguintes metas a acadar respecto da coeducación:

- A formación para a igualdade debe alcanzar a todas as profesoras e profesores, polo seu contido transversal cada docente debe ter as competencias necesarias para coeducar.
- Débese resaltar o papel da educación emocional, sentimental e sexual, elemento angular da conformación das identidades, autonomía e autoestima das persoas.
- Impulsar o papel das persoas responsables da coeducación nos centros, con tempos e recoñecementos axeitados ao seu cometido, dando valor ao seu traballo.

- Transformar os proxectos educativos dos centros en proxectos coeducativos.

E tendo esta última premisa en conta para a posta en marcha dun proxecto coeducativo de centro a primeira labor deberá ser diagnosticar a situación na que este se atopa respecto á igualdade entre xéneros, abarcando a toda a comunidade educativa e para isto débese analizar o contexto externo e interno do centro educativo. Son varias as publicacións que determinan aspectos a avaliar neste tipo de análise pero imos referir dúas pola súa sinxeleza e porque aportan incluso instrumentos que poderían ser de utilidade. A primeira é unha publicación de Díaz-Pines Sendra (2005) titulada Diagnóstico sobre la realidad en los centros en materia de igualdad e a segunda e a Guía de coeducación do Instituto de la Mujer (2008). Para realizar esta análise exhaustiva da realidade pódense empregar diferentes técnicas e instrumentos de avaliación, tanto cuantitativos como cualitativos e unha vez recollidos os datos deberán organizarse e analizarse para extraer conclusións concretas propias de cada centro.

Unha vez analizado o contexto externo e interno do centro respecto á igualdade entre xéneros, a seguinte labor que se debe realizar é a proposta de pautas de intervención e propostas de mellora para o desenvolvemento da labor coeducativa no mesmo, propias de cada centro. A modo de exemplo, citaremos as seguintes recollidas por Castilla Pérez (2008):

1. Propostas dirixidas a toda a comunidade educativa
 - Intercambio comunicativo entre todos os membros da comunidade educativa.
 - Colaboración de todos os membros da comunidade educativa, escoitando as súas achegas.
 - Visibilización da presenza de nenas e nenos por igual no centro.
 - Realización de actividades que impliquen a toda a comunidade educativa (exposicións, concursos, etc.)

2. Propostas dirixidas ao alumnado

- Intervención no xogo simbólico, mostrándolle ao alumnado a posibilidade de poder xogar a todos os xogos e con todos os xoguetes, así como a de poder desenvolver todos os roles sociais que existen de forma igualitaria.
- Estímulo, as alumnas e aos alumnos, para que participen en todas as tarefas domésticas e nas relacionadas co centro, dentro das súas posibilidades.
- Uso igualitario dos espazos, principalmente do patio de lecer.
- Desenvolvemento de actividades que leven ao alumnado a valorar positivamente o desenvolvemento de tarefas de forma igualitario e o respecto e consideración de todas as profesións de forma igualitaria, independentemente do sexo, así como a súa contribución á sociedade.

3. Propostas dirixidas á familia

- Concienciación das familias de que todas/os podemos realizar as mesmas tarefas indistintamente do sexo que teñamos.
- Colaboración das familias nas actividades do centro compartindo así a responsabilidade da labor coeducativa, na medida das súas posibilidades.
- Realización de charlas sobre coeducación no centro a través das AMPAS ou das escolas de nais e pais.

4. Propostas dirixidas ao profesorado

- Distribución igualitaria dos cargos de responsabilidade no centro.
- Realización de actividades de concienciación do alumnado, favorecendo a visualización da muller no pasado, así como a creación dun mundo igualitario para ambos sexos no presente e no futuro.
- Realización de cursos de formación e concienciación para o profesorado.
- Selección coidada dos materiais curriculares que mostren modelos coeducativos e potencien a igualdade entre os sexos.

➤ Uso igualitario da linguaxe oral ou escrita.

Para levar estas propostas á práctica pódense realizar multitude de accións e actividades máis concretas que promoven a coeducación, recollemos algunhas das moitas propostas de Elena Simón (2010) ou Ryan e de Lemus (2010) a modo de exemplos:

- Exposicións relativas á obra humana das Mulleres. Análise de biografías de Mulleres relevantes.
- Accións preventivas, educativas e sancionadoras da chamada violencia escolar.
- Presentación non estereotipada de oficios e profesións dando a coñecer persoas concretas que as realizan.
- Concursos de fotografía a nivel de centro nos que se aporten imaxes sobre accións coeducativas (labores domésticas, xogos compartidos...).
- Organización de talleres de xogos tradicionais adaptando os xogos as características e necesidades de cada grupo de alumnado.
- Visionado de películas, cortos, series, vídeos, etc. que presenten vidas non estereotipadas de mulleres e homes, tanto actuais como do pasado e de calquera lugar no mundo.
- Uso de metodoloxías activas e participativas nas que as alumnas e os alumnos constrúan o coñecemento por medio da investigación e o traballo en equipo e así poder ensinalles cunha visión inclusiva que teña en conta a realidade, contribucións e experiencias tanto de mulleres como de homes.
- Eliminación de toda forma de etiquetaxe respecto ao que “*é normal*” para as nenas e para os nenos así como calquera xuízo de valor respecto dos

comportamentos que difiren dos estereotipos de xénero. Pensemos por exemplo nas lecturas que se recomendan, nos xogos do patio de recreo, etc.

- Realización de actividades ou talleres de igualdade, educación afectivo-sexual, coeducación emocional, corresponsabilidades, etc. contando coa colaboración e implicación das familias e de organismos, asociacións, profesionais da contorna que as realicen directamente co alumnado.
- Realización de Programas de Formación do Profesorado no propio centro para favorecer a autorreflexión sobre a súa práctica docente e compartir coñecementos e experiencias de boas prácticas que permitan ir mellorando día a día.
- Modificación da distribución de poder nos centros educativos de modo que os cargos de dirección e de toma de decisións tendan a ser paritarios entre mulleres e homes ou que sigan as proporcións de presenza de mulleres e homes entre o profesorado.
- Reconsideración de toda a cultura escolar á luz dos valores tradicionalmente considerados femininos como o respecto á vida, a cooperación, o apoio ás persoas, etc. Mostrando toda a importancia humana que tales valores conteñen e dándolles maior realce no mundo educativo, mentres se rebaixa, ao mesmo tempo, o valor da competitividade, a violencia, a agresividade e os elementos que poñen a énfase na importancia da destrución da vida fronte aos que buscan a súa preservación.

5. CONCLUSIONES E DISCUSIÓN

En conclusión, pódese afirmar con rotundidade que a coeducación é a única vía posible para loitar por unha sociedade libre de estereotipos sexistas, creadora de seres humanos autónomos e independentes que loitan pola igualdade entre mulleres e homes.

A análise dos documentos legislativos lévanos a insistir na necesidade dunha maior formación do profesorado en materia de igualdade, con carácter obrigatorio, para así poder dar cumprimento aos principios contemplados no marco xurídico tanto estatal como autonómico. Isto mesmo sería desexable coa implantación dun currículo educativo que, de xeito decidido, incorpore transversalmente e cunha aposta clara dos departamentos didácticos, a coeducación como un dos seus eixos fundamentais pois, o que está pasando na actualidade, por exemplo na Comunidade Autónoma de Galicia, coa inclusión dunha materia específica, non obrigatoria e nos centros que así o desexen, débese considerar non só insuficiente senón un mero parche que se coloca, unha vez máis para dar aparencia de que se está a traballar no tema cando en realidade non é así e so as persoas xa concienciadas son as que unha vez máis se implican na coeducación e na consecución da igualdade de xénero na nosa sociedade.

Existen multitude de propostas e estratexias para traballar dende a escola coeducativa, sempre co apoio e a colaboración de toda a comunidade educativa, logrando unha comunidade onde non se clasifique ás persoas polo seu xénero, libre de todo tipo de sexismo e repleta de persoas cargados de valores positivos, socializadas nunha cultura de igualdade e do respecto.

6. BIBLIOGRAFÍA

- Ahedo Ruiz, Josu (2015). El fundamento antropológico de la educación diferenciada. *ESE: Estudios sobre educación*, 28, 155-170. DOI: <https://doi.org/10.15581/004.28.155-170>
- Acuña Franco, S. (coord.) (1995). *Coeducación y Tiempo Libre*. Madrid: Edición Popular.
- Alonso Rueda, J.A. (2007). Coeducación y educación física. *Sumuntán*, 24, 165-179.
- Ballarín Domínguez, P. (2001). *La educación de las mujeres en la España contemporánea (s. XIX y XX)*. Madrid: Síntesis.
- Blanco García, N. (2007). Coeducar es educar para la libertad. En Consejería de Educación, *Andalucía educativa*, 64, 24-27. Sevilla: Junta de Andalucía.
- Cabeza Leiva, A. (2010). Importancia de la coeducación en los centros educativos. *Pedagogía Magna*, 8, 39-45.

- Castilla Pérez, A. B. (2008). Coeducación: pautas para su desarrollo en los centros educativos. *Escuela Abierta*, 11, 49-85.
- Cerviño, M.J. (2007). *¿Qué es coeducación?* Madrid: CEAPA.
- Cremades, M. A. (1991). *Materiales para coeducar*. Madrid: Mare Nostrum.
- Cruz Díaz, R. (2004). Hacia la igualdad de las mujeres: De la Tradición a la Coeducación. *Revista de Educación*. 6, 97-109.
- Cruz, J. e Zecchi, B. (eds.) (2004). *La mujer en la España actual. ¿Evolución o involución?* Barcelona: Icaria.
- De Beauvoir, S. (1977). *El segundo sexo*. Madrid: Ediciones Siglo XX S.A.
- Díaz-Pines Sendra, C. (2005). *Diagnóstico sobre la realidad en los centros en materia de igualdad*. Jerez (Cádiz): Centro del Profesorado de Jerez.
- Feminario de Alicante (1987). *Elementos para una educación no sexista. Guía didáctica para la Coeducación*. Valencia: Ed. Víctor Orega.
- Fernández-González, N. e González Clemares, N. (2015). La LOMCE a la luz de la CEDAW. Un análisis de la coeducación en la última reforma educativa. *Journal Of Supranational Policies Of Education*, 3, 242-263.
- Instituto de la Mujer (2008). *Guía de Coeducación. Síntesis sobre la Educación para la Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres*. Madrid: Ministerio de Igualdad.
- Instituto de la Mujer (2014). *Plan Estratégico de Igualdad de Oportunidades 2014-2016*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.
- Lei Orgánica 1/1990, de 3 de Octubre, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (*Boletín Oficial do Estado*, núm. 238, do 4 de outubro).
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero (*Boletín Oficial do Estado*, núm. 313, do 29 de decembro).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (*Boletín Oficial do Estado*, núm. 106, do 4 de maio).
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes (*Boletín Oficial do Estado*, núm. 71, do 23 de marzo)
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (*Boletín Oficial do Estado*, núm. 295, do 10 de decembro).
- Martín Vico, M. J. (2007). Género y formación del profesorado. En Consejería de Educación, *Andalucía educativa*, 64, 31-33. Sevilla: Junta de Andalucía.

- Muñoz Luque, B. (2011). Coeducar: un compromiso social por la igualdad. *ClaveXXI. Reflexiones y Experiencias en Educación*, núm. 5. Recuperado de <http://www.clave21.es/coeducar-compromiso-social-igualdad>
- Real Academia de la Lengua Española (RAE) (2014). *Diccionario de la lengua española* (Ed. del tricentenario). Madrid: Autor.
- Redondo Ranchal, I. (2008). La coeducación en nuestro sistema educativo. Revista digital. *Innovación y experiencias educativas*, 13, 1-14.
- Ryan, E. e Lemus, S. de (2010). *Coeducación: propuestas para alcanzar la igualdad de género desde las aulas*. Granada: Universidad de Granada.
- Sánchez J. e Rizos, R. (1992). *Coeducación en temas transversales del curriculum*, 2. Sevilla: Junta de Andalucía, Consejería de Educación y Ciencia (Colección de Materiales Curriculares para la Educación Primaria).
- Santos Guerra M.A. (2000). *La escuela que aprende*. Madrid: Ediciones Morata.
- Simón Rodríguez, M. E. (2010). *La Igualdad también se aprende. Cuestión de Coeducación*. Madrid: Narcea.
- Suberviola Ovejas, I. (2012). Coeducación: un derecho y un deber del profesorado. *Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 42 (15, 3), 59-68.
- Subirats, M. (2017). Los objetivos de la coeducación hoy. En M. Subirats, *Coeducación, apuesta por la libertad*. Cap. 5. Barcelona: Octaedro. Disponible en <http://eldiariodelaeducacion.com/blog/2017/03/08/los-objetivos-de-la-coeducacion-hoy/>
- Torres Sanmiguel, L. (2010). Nuevos retos para la escuela coeducativa. Iniciativas y experiencias para la prevención de la violencia de género en las aulas: una mirada general. *Tabanque Revista pedagógica*, 23, 15-44.
- Urruzola Zabalza, M^a J. (1991). La educación de las niñas desde el feminismo de la diferencia. *DUODA. Papers de Treball*, 2, 99-128.